



Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro n° 17
A Pobra de San Xiao
Láncara, Lugo 27360
982 543077-982 543152
www.concellodelancara.com
concello.lancara@cidolocal.es



Alcaldía

6º.-ESTUDIO SITUACIÓN CONTRATO ALUMEADO PÚBLICO.

Logo das últimas avarías producidas no mantemento do alumeado público do municipio de Láncara, tal e como consta nos informes que obran no expediente, elaborados por Efigal Norte, SL, empresa encargada do subministro de bombillas dentro do programa Lugo 02 Enerxía.

Considerando que o contrato de mantemento coa empresa Instalaciones Eléctricas Nacho, SL está debe extinguirse por superar o prazo incial e posibles prórrogas

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde, por unanimidade, en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Incoar expediente de contratación, por contrato menor, prazo máximo de seis meses, para contratar o mantemento de alumeado público de Láncara con arreglo ás seguintes condicións:

Cláusula 1ª.- Obxecto.

O obxecto do presente contrato é a realización do servizo mantemento de alumeado público e dependencias municipais, cuxa codificación é CPV 50232100-1 e 50710000-5.

Cláusula 2ª.- Condicións.

Inclúe a conservación e mantemento de todos os elementos que forman parte da instalación, luminarias e o seu soporte, con reposición do material deteriorado polo uso.

A empresa ofrecerá frecuencias e tempo de resposta ás avarías na súa oferta.

Cláusula 3ª.- Prezo.

O prezo máximo do contrato é de 713,63 euros (máis IVE) mensuais que se fará efectivo cos créditos previstos na aplicación 165.227.00.

Cláusula 4ª.- Adxudicación.

Por contrato menor, debendo o contratista acreditar capacidade de obrar e non estar incurso en prohibicións para contratar.

Cáusula 5ª.- Prazo de presentación de ofertas.

Dez días naturais dende a recepción da invitación. Non obstante, publicaranse as condicións deste contrato na páxina web do concello para que calquera empresario interesado poida presentar oferta no presente procedemento.

Cláusula 6ª.- Criterios de adxudicación.



Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro n° 17
A Pobra de San Xíao
Láncara, Lugo 27360
982 543077-982 543152
www.concellodelancara.com
concello.lancara@cidobocal.es



Alcaldía

- Mellor Prezo: Ata 10 puntos.

Outorgaranse 10 puntos á proposición máis económica, e valorando as restantes segundo a seguinte fórmula:

$P_i = P_{m\text{xp}} \times (\text{oferta máis económica} / \text{oferta a valorar})$

Sendo:

$P_{m\text{xp}}$: Puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico.

P_i : Puntuación alcanzada pola proposición suxeita a valoración.

- Maior frecuencia no servizo: Ata 5 puntos. O servizo de avarias de atención no prazo máximo de 24 horas 5 puntos; restando 1 punto por cada 24 horas de demora.